

Facer

Valer

Galiza

**Con Voz
Propia**

Programa electoral do BNG
Xerais Novembro 2019



Programa
electoral
do BNG
Xerais
Novembro
2019

Introdución

Seis meses após decorrerem unhas eleccións xerais, estamos de novo fronte a un proceso electoral. Isto porque as forzas políticas españolas do chamado 'bloque progresista' foron incapaces de chegar a un acordo para a formación de goberno. Nos últimos meses asistimos a un espectáculo político en Madrid que foi resultado de primaren os intereses partidistas e, moi especialmente o interese do PSOE de contar con un goberno que tivese as mans libres para aplicar a súa axenda neoliberal enfeitada con algún xesto 'progresista'. Entra en xogo tamén o interese dos poderes reais que sustentan o rexime constitucional de fortaleceren o bipartidismo tradicional que conformou até agora o soporte dese rexime.

Mais asistimos, sobre todo, a debates en que a Galiza, os seus problemas e as solucións que precisa, estiveron máis unha vez ausentes. Novamente puidemos comprobar como a representación das forzas españolas -todas elas- esquecen os nosos intereses e se limita a votar o que ordenen as súas direccións en Madrid. É hora de acabar con esta vergoña. É hora de pór fin á ausencia e á indefensión do noso País.

Por isto, enfrontamos estas novas eleccións como unha oportunidade de o noso País recuperar a voz propia no Congreso, vital para a defensa dos intereses do noso pobo en todos os ámbitos. Esencial tamén para dar visibilidade á Galiza como nación no debate sobre a cuestión nacional e altofalantes á defensa dos nosos dereitos colectivos como pobo. Así pois, faremos que sexa o momento de falar da Galiza e da nosa xente, das clases populares galegas e dos seus intereses.

A experiencia política destes anos mostra ás claras que esa voz soberana que precisamos en Madrid só pode vir da man do BNG. Cada vez son máis os cidadáns e cidadás da Galiza que chegan a esta mesma conclusión, tirada simplemente da observación do comportamento das forzas de ámbito estatal que, de forma submisa, sacrifican os compromisos coas persoas que os votaron para faceren o que lles mandan. Por iso o BNG gaña apoios día a día, e por iso hoxe está en condicións de se alzar como a voz libre de todas as galegas e galegos que queren mudar de verdade este estado de cousas para podermos avanzar en dereitos, democracia e benestar.

Nas pasadas eleccións de abril, o BNG multiplicou por dous o número de votos que obtivera nas anteriores e consolidou o proceso de avance nas eleccións municipais e europeas. Por iso enfrontamos este proceso electoal coa confianza de que é o momento de garantir esa voz galega en Madrid. Estas novas eleccións xerais decorren nun contexto especialmente complexo, mais o nacionalismo galego, o pobo galego, xa ten demostrado moitas veces que é capaz de enfrontar as máis duras dificultades e de superalas con éxito. A receita é sempre a mesma: convicción, decisión e confianza nas propias forzas. Tamén agora seremos quen de vencer todas as dificultades e escribir unha nova páxina na historia deste pobo que traballa para ser libre e próspero. Para iso é sempre necesario coñecer o punto de partida.

Nos últimos tempos viñemos asistindo a unha crecente presenza pública de posicións que, para alén de reaccionarias e autoritarias, se caracterizan por abandeiraren a españolización e aínda unha maior centralización do Estado, aproveitando a vaga de ultra-españolismo que as forzas do réxime alimentaron sen pudor nos últimos anos. Esta tendencia, ben como as saídas represivas que estamos a constatar, responde, sen dúbida, a unha reacción do réxime español nun momento de crise política evidente -coa cuestión nacional como elemento central- do modelo implantado coa Constitución de 1978.

Estas tendencias autoritarias e españolistas están a verse agudizadas neste proceso electoral en relación coa resposta do Estado á firmeza democrática do pobo de Cataluña en defensa dos seus dereitos nacionais e fronte á represión e ao recorte de liberdades que ten o seu culme na aplicación do artigo 155 -coa anunciada ameaza de o aplicar de novo- e a senteza aos

presos políticos cataláns. Frente a estes retrocesos en dereitos e liberdades, a presenza do BNG en Madrid servirá tamén para defender a democracia e os dereitos individuais e colectivos como pobo, comezando polo dereito de autodeterminación.

En todo o caso, a dinámica política que estamos a vivir vén a confirmar as análises que leva facendo o BNG de que o Estado español non é reformábel, polo menos en sentido democratizador e de recoñecemento das nacións, pois a tendencia é xustamente a contraria. Isto conforma un escenario complexo, de crecente crispación e ataque ás nacións, ás linguas e culturas nacionais e ao nacionalismo como expresión política. Por tanto, tamén exige do pobo galego máis consciente, convicción e firmeza na defensa dos dereitos nacionais e democráticos, irrenunciábeis para conseguirmos avanzar en liberdade e benestar.

No caso da Galiza, a situación política veu estando condicionada pola actual hexemonía das forzas de obediencia española, contrarias a mudar o statu quo nacional -se acaso en sentido regresivo, pola vía de leis orgánicas que baleiran aínda máis de capacidade a anémica autonomía-. A habitual submisión de Feixoo aos ditados de Madrid complementábase co tradicional sucursalismo do PSOE galego e co novo sucursalismo da chamada 'nova política'.

Aqueles e aquelas que se presentaron hai tres anos como a forza que ía mudalo todo e representar os intereses da Galiza nas Cortes, non fixeron nin unha cousa nin a outra. Pola contra, viñeron a confirmar rapidamente que na realidade estaban a servir para españolizar aínda máis a dinámica política galega e para facilitar a ausencia dunha representación soberana en Madrid que defendese os intereses do País.

En todo o caso, a súa actuación, moi evidente nos últimos tempos, confirma a análise que veu facendo o BNG sobre o papel sucursalista e submiso das forzas de obediencia española. Para comezar a invertir esta situación de desleixo, de abandono e de desaparición da Galiza como nación no Estado, é preciso conquistar unha representación galega soberana que fale por nós sen submisións nin ataduras.

A proposta política do BNG asenta no cuestionamento do marco constitucional e autonómico como inadecuado para resolver os problemas sociais, económicos, culturais e políticos do País. En consecuencia, na defensa da ruptura co réxime español e a conquista da soberanía nacional da Galiza como única maneira de garantir liberdade, democracia e benestar para todo o noso pobo.

Así pois, estas novas eleccións representan unha oportunidade para recuperar a representación galega nas Cortes do Estado e para fortalecermos a voz que defende os intereses da nosa nación e do noso pobo. É a hora de que se fale da Galiza, das súas necesidades, dos seus problemas sociais e económicos e das solucións precisas. É a hora tamén de que se fale do problema político, de que se poña sobre a mesa a exixencia democrática mínima do exercicio do dereito de autodeterminación e a necesidade de que a Galiza teña plena capacidade para decidir sobre os seus asuntos.

É a hora, por tanto, de defender os dereitos sociais e nacionais, aqueles que xa temos conquistados e que novamente son postos en cuestión e tamén aqueloutros polos que aínda é preciso continuar a loitar. É a hora tamén de que se fale de verdadeira democracia. Neste contexto de crecente autoritarismo, represión e ascenso das posicións autoritarias que teñen o seu mo-

tivo condutor no españolismo, o BNG é tamén a mellor garantía de defensa das liberdades e dos dereitos democráticos, individuais e colectivos, e actuará sempre como unha muralla contra o fascismo.

01

Un estado en crise; unha Galiza que precisa falar por si propia

Hoxe é moi evidente que o Estado español atravesamos unha profunda crise que non é só consecuencia da crise económica e das enormes desigualdades e dificultades que xerou e continúa a xerar, senón que é unha crise de lexitimidade deste modelo de Estado unitario, que nega os máis elementais dereitos democráticos colectivos, como é o recoñecemento da capacidade de decisión das nacións.

A negativa a someter á decisión democrática o futuro das nacións, que tivo a súa máxima expresión na violenta reacción represiva fronte ao exercicio democrático realizado polo pobo da Cataluña, sacaron á luz a verdadeira face antidemocrática do Estado español xurdido da chamada transición e da Constitución de 1978. Ficou en evidencia que o rexime non ten reparos en vulnerar os máis elementares dereitos democráticos con tal de tentar perpetuarse.

Do que se trata é de que os poderes económicos e políticos ao servizo da oligarquía española tentan manter un control férreo desde o centro, por medio do aparello do Estado unitario, de toda a actividade económica para perpetuar un espolio e apropiación de recursos económicos, que a nosa nación padece particularmente e que ten orixinado especiais dificultades sociais e económicas: empobrecemento, precariedade, exclusión social, crise demográfica, emigración, etc.

Frente a isto, é máis urxente do que nunca que a Galiza participe con voz propia no debate aberto no Estado sobre os dereitos nacionais e, vinculados a eles, os sociais. Nese sentido é que debe ser entendido o conxunto de medidas parciais e tácticas incluídas neste Programa. O BNG, sen perder nunca de vista o horizonte estratéxico da soberanía, defenderá todas aquelas medidas que foren nun sentido democratizador e de recoñecemento dos nosos dereitos nacionais.

Ruptura co réxime español vixente desde aprobación da Constitución de 1978

Neste contexto, en que o debate esencial que terá de abordar o novo parlamento español é, inevitabelmente, o que ten a ver cos dereitos das nacións, a Galiza ten de estar presente e non ficar atrás. Nese sentido, a posición estratéxica a defender polo BNG é clara: a Galiza non só debe ver recoñecido o dereito de autodeterminación senón que debe ter tamén a posibilidade de o exercer. Isto implica que a Galiza poida asumir a soberanía por medio dun proceso constituínte propio na perspectiva de creación dun estado galego soberano, a República da Galiza. . A asunción da soberanía política é premisa básica para que calquera proceso político posterior de articulación institucional parta da decisión libre do pobo galego, en relación exclusivamente cos seus intereses nacionais e populares.

É iso o que exige do BNG o sentido de responsabilidade para co noso país, mais tamén a certeza de que é a mellor maneira de pór en evidencia diante do noso pobo as limitacións do punto de vista democrático do sistema político español e mesmo a súa incapacidade para aceptar, no mínimo que for, a pluralidade nacional, cultural, lingüística ou socio-económica.

Agora é o momento da Galiza, o momento de que a nosa nación fale con voz propia en Madrid para defender os seus intereses. Reclamamos a soberanía porque sabemos que como nación temos dereito a un futuro de liberdade. Mais tamén porque a necesitamos para poder comezar a resolver os graves problemas sociais e económicos que padece o noso pobo. Desde ese punto de vista, a soberanía non é para o BNG apenas unha cuestión identitaria, senón a premisa para poder encarar a xestión dos nosos recursos e potencialidades de modo que os poidamos pór ao servizo da prosperidade do país e do benestar do noso pobo.

Medidas a defender en canto non se consolide o novo marco institucional soberano

No entanto, do mesmo modo en que somos conscientes de que moitos problemas non acharán solución real sen soberanía, tamén sabemos que nunca debemos esperar para tratar de os resolver. Desde ese punto de vista, a actitude da representación do BNG nas Cortes españolas será dupla. Por unha parte, a de levar alí todos os problemas que afectan o noso pobo e sexan competencia estatal, propondo alternativas viábeis e

defendéndoas sempre coa vontade de os resolver.

Por outra parte, tratando en todo momento de ligar a posibilidade de solucións xustas, sociais e definitivas á reclamación da plena capacidade da Galiza para decidir por si propia. O BNG é a manifestación política da vontade de o pobo galego traballar e actuar con liberdade e responsabilidade para orientar a Galiza noutra dirección, a da crenza na dignidade e capacidade do pobo galego para construír unha vida mellor.

Daquela, e para alén de afrontar a superación do actual marco constitucional, e no camiño de ir afondando na capacidade de decisión de Galiza, defendemos:

- Un novo modelo de financiamento baseado no concerto económico e bilateralidade co Estado. Trátase de que a Galiza recade todos os impostos e teña capacidade para decidir como os inviste, na perspectiva de poder desenvolver políticas sociais, de desenvolvemento económico autocentrado e de blindaxe de servizos públicos universais e de calidade.
- Posta en marcha dunha Facenda Galega, como instrumento esencial do novo modelo de financiamento. En consonancia, capacidade plena da Galiza para implantar unha política fiscal propia, que responda a criterios de xustiza e redistribución social e que garanta que todas as empresas que operan no noso País paguen aquí os tributos que corresponder, de forma que permita facer uso pleno dos nosos recursos económicos para os colocar ao servizo do pobo galego.
- Transferencia das competencias en materia de relacións laborais, co obxectivo de que a Galiza teña plena capacidade lexislativa e normativa para establecer un marco galego de relacións laborais visando blindar a negociación colectiva e garantir traballo digno e con dereitos para toda a poboación. Tamén para poder establecer unha renda social básica que permita desfrutar de condicións de vida dignas e participación social plena a toda a poboación galega, sen exclusións de ningún tipo.
- Transferencia das competencias en materia de Seguranza Social e pensións, co obxectivo de garantir un sistema sanitario e de atención social ben financiado e unhas pensións dignas para as persoas xubiladas.
- Traspaso das competencias en materia de seguranza pública, policía xudicial e fiscal, así como garda de tránsito, para o que será despregado o corpo da Policía Galega.

- Asunción por parte dos poderes públicos galegos de plena capacidade para exercer o control público dos nosos recursos, dos sectores estratéxicos da economía e, especialmente da produción de enerxía. Isto é básico para poder establecer unha Tarifa eléctrica galega baseada nun modelo tarifario que abarate o prezo da electricidade e permita que este ben público reverta no desenvolvemento social e económico do país e na eliminación da exclusión enerxética.
- Traspaso das competencias en infraestruturas de transporte de interese xeral: Portos de interese xeral, aeroportos e control de tráfico aéreo na Galiza, alén de estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego.
- Transferencia das competencias en materia de costas, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade galega como as de intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega). Tamén se afrontará o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas (transferencia plena da confederación hidrográfica Miño-Sil).
- Transferencia das competencias e servizos de salvamento marítimo e gardacostas.
- Traspaso AP-9 (Ferrol-Vigo) e AP-53 (Santiago-Lalín) e nacionalización destas infraestruturas para acabar co espolio económico que representan actualmente.
- Traspaso dos fondos e competencias relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.
- Traspaso á Galiza dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e históricos, que se achán espallados en diversas institucións e organismos do Estado.
- Traspaso competencias en materia deportiva do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas. Galiza participará con pleno dereito, en todas as disciplinas, nas competicións deportivas internacionais oficiais.
- Transferencia dos activos da SAREB (entidade de xestión de activos inmobiliarios das entidades financeiras saneadas) situados na Galiza, para incorporación nunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza.

02

Economía ao servizo da clase traballadora

O modelo neoliberal atópase nunha profunda crise, ante a cal non existen alternativas posíbeis por parte do Estado Español e os seus xestores. Este modelo non só non entra nunha fase de “recuperación” que vaia beneficiar no futuro o pobo galego, senón que continúa en realidade inmerso nunha fase destrutiva, marcada pola irracionalidade, o incremento da desigualdade social, a acumulación de poder e riqueza e a agresión continuada e agravada ao medio ambiente.

O Estado Español, completamente funcional á reprodución do capital e comprometido na legalización e ampliación das políticas deste (no ámbito económico, social, ambiental, nas finanzas, na industria, nos servizos, no sector primario...), será progresivamente máis incapaz de atender as necesidades das grandes masas da poboación en ámbitos como a saúde, a vivenda, a educación, a alimentación, etc... Previsiblemente diminuírase o espazo público e reduciranse aínda máis as condicións democráticas, ante a incapacidade do Estado para responder ás demandas populares.

A Unión Europea, como proxecto do imperialismo para unha rexión do mundo, incardínase tamén na doutrina neoliberal e mesmo vela pola súa aplicación polo miúdo nos distintos Estados. Así, os orzamentos dos Estados tamén son supervisados anualmente por parte da Comisión Europea cada outono, dentro do “paquete de dúas medidas”, nunha nova potestade antidemocrática que se concedeu durante a crise económica. Deste modo, un goberno alternativo que tentase aprobar un proxecto que rachase coa doutrina neoliberal e cos obxectivos fiscais marcados tería que enfrontarse previsibelmente a un ditame negativo e afrontar un conflito político no que están previstas sancións (o depósito do 0,2% do PIB), multas e outros procedementos.

No caso do Estado Español, a débeda pública ronda o 100% do PIB, unha das máis altas do mundo, que representan uns 25.000 € por habitante, o que hipoteca enormemente a políti-

ca orzamentaria. O mercado da débeda atópase intervido por parte do Banco Central Europeo e unha eventual modificación destas condicións podería agravar aínda a situación, iniciando unha nova espiral de retalladas que serían relativamente independentes dos xestores que se atopasen na Moncloa, xa que hai oito anos (en 2011) PP e PSOE xa pactaron a reforma do artigo 135 da Constitución (sen referéndum) que prioriza o pago desta débeda a calquer outra consideración social, ambiental ou mesmo de lóxica económica, e unha lei orgánica posterior impón límites concretos de déficit polo momento.

Na Galiza, a débeda pública multiplicouse tamén a partir da xestión de Núñez Feixóo, desde os 3.923 millóns de euros até os 11.549 millóns na actualidade. O goberno do PP acadou os récords históricos neste apartado, á vez que se contraían as políticas sociais (500 millóns menos só en educación e sanidade) e os investimentos. O executivo autonómico acadaba así os obxectivos marcados polo PP, mais á costa dos intereses e necesidades da poboación.

Neste contexto, aferrolladas pola ortodoxia neoliberal, atadas de pés e mans polas normas comunitarias que non se someten a debate, hipotecadas por unha débeda ilexítimamente contraída e que funciona como un auténtico mecanismo de dominación, non chega con meras reformas cosméticas. Nin solucionan os profundos e graves problemas estruturais, nin van impedir que continúen a aumentar as desigualdades sociais, e tampouco nos afastan dunha posíbel nova recesión, dado o carácter cíclico e recorrente destas (cada vez con menores intervalos de tempo) no sistema capitalista e nomeadamente no actual patrón de acumulación neoliberal.

Non estamos condenados a ficar presas destas políticas, incapaces de resolver os problemas nacionais e garantir unha vida digna ao pobo galego, por toda a eternidade. É posíbel reverter as profundas desigualdades sociais e territoriais, desde a afirmación da nosa capacidade de decisión e de satisfacer os nosos lexítimos intereses e aspiracións. Mais é preciso contar coa forza necesaria para rachar con todas as políticas dos gobernos españois para construír unha solución política propia, que non se pode verificar no actual marco institucional.

Así, a acción lexislativa do BNG defenderá sempre unha profunda ruptura coa política de clase dos distintos gobernos españois, unha reorientación popular e democrática, no camiño da plena soberanía, que contemple medidas favorábeis ás clases populares. Entre elas:

- Repudio do endebedamento odioso.
- Recuperación do rescate bancario.
- Valorización real de salarios e pensións
- Adopción democrática das prioridades de investimento e da política orzamentaria.
- Relanzamento da actividade produtiva e a reindustrialización do país.
- Profundización e ampliación de políticas sociais vigorosas.

Esta reorientación debe partir do desmantelamento do acervo lexislativo máis regresivo (o herdado dos últimos gobernos do PSOE e do PP durante a fase máis aguda da crise), a comezar por:

- Derrogación inmediata das últimas contrarreformas laborais, da negociación colectiva e das pensións (RDL 10/2010, RDL 7/2010, RDL 20/2012, Lei 3/2012, etc).
- Supresión dos Programas Nacionais de Reformas que o Estado eleva ante a Comisión Europea.
- Revisión e cancelación da débeda contraída ilexítimamente e dos preceptos constitucionais que sacralizan o seu pagamento.

Mais o nacionalismo galego non pretende reclamar un imposible retorno ao marco lexislativo anterior (igualmente opresivo para o noso país, neoliberal e responsábel de altas cotas de desigualdade, precariedade e pobreza) senón que reclamará tamén avanzar cara un novo relanzo social, que integre, entre outras, as seguintes medidas mínimas:

- Valorización dos salarios e as pensións
- Redución da xornada laboral
- Desenvolvemento do Marco Galego de Relacións Laborais.
- Erradicación das fendas por xénero e identidade.
- Combate contra a precariedade e a temporalidade.

Impulso ao desenvolvemento económico

A Galiza é un país con enorme potencial económico en ámbitos como o industrial, o pesqueiro e o agroforestal. Lonxe de contar cun Estado implicado no seu desenvolvemento e transformación, padecemos unhas políticas que pretenden consolidar un papel dependente e subalterno, que beneficia os intereses do grande capital e perxudica os intereses da clase traballadora. Precisamos políticas industriais que consoliden os sectores estratéxicos e dean pulo a actividades novas, co apoio á innovación e investigación, que sirvan de base á recuperación económica e do emprego.

Ademais, nos últimos anos asistimos ao agravamento do proceso de concentración e centralización financeira e bancaria, que tivo entre outras consecuencias a desaparición das caixas galegas. Grande parte do aforro do noso país vai agora para fóra, fornecendo de crédito a outras partes do Estado. Trátase dunha outra condición que explica o afogamento do tecido produtivo do país, e que de novo non atopou resposta axeitada desde as administracións públicas. Entre outras medidas, desde o BNG reclamamos:

Ámbito financeiro

- O impulso á banca pública galega e novas fórmulas de participación pública, reformulando os instrumentos do crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país. Ao mesmo tempo, regularase o sector financeiro para limitar a especulación de capital e subordinar a actividade financeira ás necesidades xerais da economía.
- Unha orientación pública do investimento produtivo e estratéxico.
- O establecemento de condicións que obriguen á devolución íntegra das axudas e avais públicos concedidos ás entidades financeiras.
- A introdución de límites ao cobro de comisións abusivas polos servizos financeiros e de obriga da transparencia de información das entidades financeiras.

Reforzo aos sectores primarios galegos

- Establecemento de mecanismos de vixilancia e intervención que garantan prezos dignos á produción no sector

lácteo.

- Apoio aos circuitos curtos de comercialización e de transformación por parte das propias persoas produtoras e aposta na produción diferenciada e de calidade.
- Participación directa de Galiza na reforma da Política Pesqueira Común (PPC) e a súa consideración como zona altamente dependente da pesca. Negociación do reparto equitativo de cotas de pesca para a frota galega, que parta da capacidade extractiva do sector. Exixencia de que a pescar artesanal fiquen exentas de TAC's e cotas.
- Establecemento dun espazo galego de libre decisión en materia marítima e pesqueira, desde a transferencia das competencias dos portos de interese xeral do Estado; Salvamento marítimo; navegación marítima e mariña mercante; investigación oceanográfica; inspección de buques; dominio público marítimo e marítimo-terrestre e Mar territorial, etc...
- O goberno galego, e os axentes e sectores directamente interesados, participará nas negociacións estatais e europeas que afecten os sectores primarios.

Industrialización

- Saneamento dos sectores industriais en crise (conserva, lácteo, forestal, pedra, naval, aluminio...) e unha política real de reindustrialización baseada no impulso á industria auxiliar, na optimización dos custos loxísticos e no apoio aos sectores industriais emerxentes e a I+D+i, á que debería destinarse un incremento considerábel dos fondos e da porcentaxe do PIB.
- Oposición á deslocalización e peche da actividade industrial. A Xunta contará cos medios necesarios para acometer un Plan de Industrialización que inclúa entre os seus obxectivos o reequilibrio territorial.
- Impulsarase a construción civil naval en Galiza, desde a modernización tecnolóxica e a renovación dos cadros de persoal, co obxectivo de situar aos estaleiros galegos como referentes no ámbito mundial.

Enerxía

- Modificación estrutural do sistema eléctrico: control público galego dun sector estratéxico e implantación da tarifa eléctrica galega que baixe o prezo da enerxía e compense os

custos ambientais da produción térmica, hidráulica e eólica.

- Impulso do aforro enerxético, o descenso do impacto medioambiental, a soberanía enerxética, e a consideración da electricidade como ben básico para a poboación.
- Fomento do autoconsumo enerxético sustentábel. Aposta por unha política decidida de fomento das enerxías renovábeis e redución do consumo de combustíbeis fósiles.
- Demanda da débeda histórica do Estado coas comarcas mineiras galegas polo incumprimento e exclusión dos sucesivos Plans do Carbón e do fin á discriminación no reparto de recursos de forma que Galiza poida desenvolver unha transición enerxética xusta.
- Impulso á recuperación das concesións dos encoros (en moitos casos outorgadas durante o franquismo), como base para a creación dunha empresa pública galega en materia de enerxía.
- Estatuto especial para as empresas electrointensivas e mantemento dos postos de traballo.
- Prohibición da fractura hidráulica (fracking) e outras técnicas semellantes pola súa perigosidade para o ambiente e a saúde.

Contra a centralización económica

- Participación pública galega nos organismos de dirección (consellos reitores, órganos de administración, etc) de empresas públicas estatais radicadas na Galiza, con capacidade decisiva (veto) cando se adopten medidas que afectaren aos centros produtivos galegos.
- Derrogación das leis de garantía de unidade de mercado, favorecendo o impulso a economía galega sen o control e limitación desde o Goberno central.
- Derrogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional exprés de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e das administracións locais.
- Anulación da lei de acción exterior do Estado, recuperando a capacidade e iniciativa da Galiza para a súa presenza exterior consonte a súa iniciativa e estratexia propias.

03

As contas públicas, nas mans das galegas e galegos

O Estado español reserva para si mesmo a maior parte da capacidade fiscal, a pesar de que os servizos públicos esenciais son prestados fundamentalmente pola Xunta e os concellos galegos. A política fiscal regresiva dos últimos anos serviu para profundizar na aplicación dos recortes que afectaron unhas institucións públicas xa con pouca capacidade para atender as necesidades reais.

Os distintos gobernos españois decidiron elevar os impostos indirectos, favorecer o réxime fiscal do gran capital e limitar o control das grandes fortunas. A maior recadación fiscal ficou na administración central e foi destinada en grande medida ao saneamento da banca, mentres a poboación galega soportou unha presión fiscal maior (incrementouse a carga dos impostos incluídos no canastro do financiamento autonómico) á vez que se deterioraban os seus servizos públicos. O BNG reclama para a Galiza toda a capacidade de responsabilidade fiscal, normativa e de xestión, a partir da Axencia Tributaria Galega.

Financiamento local

O BNG tamén mantén a súa demanda da reforma do financiamento local. Os nosos concellos padecen unha insuficiencia financeira estrutural e grandes dificultades para atender os servizos públicos. A isto engádense as limitacións do endebedamento e restricións do déficit público marcadas na Constitución e na Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, un asalto á democracia e aos servizos públicos que impoñía o aforro e a redución do gasto público como principais criterios no funcionamento dos Concellos, coa intención expresa de favorecer a iniciativa privada e á marxe das necesidades, decisións e prioridades das súas habitantes.

Por outra parte, os concellos de Galiza son discriminados no

reparto de fondos do Goberno central e cada persoa veciña dunha vila ou cidade galega recibe 50 euros menos que a media estatal co actual sistema de reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE). Da contía total dos fondos para os concellos chega aos municipios do país 5,05%, a pesar de representarmos 6,24% da poboación total. En termos per cápita, cada concello recibe 209€ por habitante fronte aos 259€ de media estatal. Esta situación de discriminación agudízase no caso das grandes cidades galegas. A modo de exemplo, Málaga recibe o mesmo financiamento do Estado, 230 millóns de euros, que as sete grandes cidades galegas xuntas, -232,6 millóns de euros-, pese a que estas case a duplican en poboación.

Reclamaremos que Galiza teña competencia na distribución entre os concellos galegos para rematar coa actual discriminación, e se incorporen criterios propios para o reparto como o avellentamento, a dispersión poboacional e o reequilibrio territorial.

Unha nova fiscalidade

Padecemos nas últimas décadas unha constante contrarreforma fiscal que inverte os principios que deberían informar esta política (nomeadamente a progresividade) ao reducir a carga das grandes empresas e os niveis máis altos de renda, que se traslada sistematicamente á clase traballadora e ás rendas máis baixas.

Mentres non academos o modelo de financiamento adecuado para o noso país, actuaremos contra o actual sistema fiscal, que penaliza as rendas do traballo e os impostos indirectos ao consumo fronte ás rendas do capital. Ademais, é patente a complicidade do Estado coa fraude fiscal e a evasión de capitais, que non se perseguen cos medios adecuados, e que beneficia as grandes corporacións e fortunas. Defenderemos unha profunda reforma do sistema fiscal que incremente a capacidade de recadación e á vez o faga desde criterios xustos.

Así, o BNG reclama tamén unha revisión do Imposto sobre a Renda que incorpore a progresividade real, para evitar a tan dispar situación fiscal entre os rendementos do traballo e do capital. Tamén é preciso destinar impostos específicos aos beneficios das grandes empresas e ás grandes fortunas, ás transaccións financeiras e aos produtos de luxo. En troca, é necesario reducir a imposición do IVE en todos os tipos, establecendo que os bens e servizos esenciais, así como os bens de carácter cultural, tributen no tramo superreducido.

Tamén é imprescindible un plan específico contra a fraude fiscal, nomeadamente contra os fondos desviados aos paraísos fiscais, e a persecución da economía soterrada. Reclamaremos unha redución da presión sobre as rendas do traballo, de xeito singular as menores ao duplo do salario mínimo interprofesional, limitando especialmente a imposición indirecta.

Por último, as empresas que exercen a súa actividade de explotación na Galiza e sitúan o seu domicilio social noutras partes do Estado deben tributar aquí.

04

Políticas sociais

As políticas sociais son os principais instrumentos que determinan o desenvolvemento e a calidade do estado de benestar dunha sociedade. Por iso nunca deben estar condicionados pola falta de financiamento.

A pesar de que as políticas de benestar, inicialmente definidas como de asuntos sociais ou de servizos sociais nas diferentes normativas, son competencia exclusiva de Galiza tal e como recolle o Estatuto de Autonomía no Art. 27.23, estas son en realidade un exemplo das denominadas políticas multinivel xa que os Concellos tamén teñen competencias sobre parte dos servizos de benestar atendendo á distribución competencial da Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, aspecto este recollido nas diferentes lexislacións galegas sobre servizos sociais ata chegar á actual Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galiza.

As leis ditadas polo goberno do PP (Lei de Racionalidade e Sustentabilidade da Administración Local 27/2013, e da Lei de Estabilidade Orzamentaria 2/2012), focalizaron nas administracións locais os esforzos de loita contra o déficit público, eliminando de facto a autonomía local e menoscabando as competencias de Galiza, de tal xeito que en troques de pular polo incremento da eficiencia do aparello administrativo, de reducir en custos de estrutura burocrática ou de introducir medidas de apoio á boa xestión económica local, procédese á redución da capacidade de investimento das administracións locais, afectando sobre todo a servizos de benestar, que son intensivos en contratación de persoal (servizo de asistencia no fogar, escolas infantís municipais ou centros de atención ás persoas maiores, por exemplo) e que xeran impactos sociais e económicos locais positivos e altamente redistributivos.

Protección social

O BNG reclama a reversión de todos os recortes que se aplicaron nos servizos públicos durante a crise económica, e a aplicación inmediata de medidas que permitan elevar o nivel de vida da poboación galega. Nesa liña, defendemos:

- Como principio, as necesidades sociais básicas deben ser

garantidas a toda a poboación galega, ben de modo exclusivamente gratuito (saúde, educación, benestar) como por medio dunha parte pequena do ingreso do traballo (vivenda, alimentación, enerxía, transporte, calefacción, cultura...).

- Incrementar con carácter global o gasto en protección social até atinxir, como mínimo, o gasto medio en protección social do conxunto da Unión Europea, e asegurar o carácter público dos servizos sociais básicos, tanto na súa titularidade como na xestión e financiamento.
- Derrogar o Real Decreto 20/2012 de 3 de Xullo sobre a Lei de Dependencia que incrementa o copagamento, amplía ata dous anos o tempo nas listaxes de espera sen obriga do pagamento da retroactividade, elimina o pagamento da seguridade social ás persoas cuidadoras e retrasa a entrada no sistema ós dependentes moderados.
- Derrogar a Lei de Racionalidade e Sustentabilidade da Administración Local 27/2013, e da Lei de Estabilidade Orzamentaria 2/2012.
- Derrogar as últimas contrarreformas laborais, da negociación colectiva e das pensións (RDL 10/2010, RDL 7/2010, RDL 20/2012, Lei 3/2012, etc).
- Eliminar a taxas de reposición de efectivos que afecta nomeadamente as administracións locais e, dentro destas, os servizos de benestar .
- Reducir a xornada laboral a 35 horas sen redución de salario.
- Desenvolver o Marco Galego de Relacións Laborais.
- Eliminar as Empresas de Traballo Temporal (ETT), a subcontratación en cadea e as falsas/os autónomas/os.
- Reforzar o servizo público de emprego e garantir a cobertura a todas as persoas sen ocupación.
- Recuperar a causalidade na contratación, limitando a contratación parcial e temporal, e revisando os contratos en práctica e formación para evitar o seu uso como vía para precarización do emprego na mocidade.
- Impulsar unha nova lexislación do despedimento, nomeadamente por causas obxectivas, desde a oposición á rescisión

unilateral empresarial.

- Abolir a Lei 15/97 sobre formas de xestión sanitaria, que ampara a entrada da empresa privada na xestión e prestación de servizos sanitarios.
- Rexeitar os copagamentos sanitarios, farmacéuticos e na dependencia.
- Reclamar os 188 millóns de euros que o Estado adebeda en concepto de financiamento da Lei de dependencia.
- Aplicar un programa específico para a loita e erradicación da pobreza e a exclusión social.
- Aprobar medidas específicas, tendo en conta novos fenómenos, para erradicar a pobreza enerxética e das persoas que traballan e se manteñen en situación de pobreza.
- Impulsar un plano global de acción contra a sinistralidade laboral, que comprenda o fomento do emprego estábel nos sectores que presentan maiores taxas de sinistralidade, a intensificación no control das actuacións das empresas e sectores que acumulan un elevado número de accidentes no traballo e a redución obrigatoria da xornada laboral nas actividades máis perigosas, entre outras medidas.
- Aprobar un programa para a implantación dunha Bolsa de Vivenda Social en alugueiro, con compromiso orzamentario para a súa implantación, que teña en conta as demandas existentes nos distintos concellos.
- • Reformar a Lei de Arrendamentos Urbanos no camiño da intervención do mercado do alugueiro en favor da poboación, coa persecución da especulación, o establecemento de límites nos prezos segundo índices públicos, o control dos bancos e fondos de investimento inmobiliario, e a referenciación ao IPC á hora de actualizar os contratos.
- Aprobar a dación en pagamento con carácter retroactivo e permitir a posibilidade de oposición dos debedores que atravesen dificultades económicas, cando o obxecto de embargo sexa a vivenda destinada a residencia habitual sen outra alternativa.
- A lexislación tenderá á erradicación das distintas fendas (salariais, estabilidade, acoso sexual) derivadas do xénero e a identidade.

- Financiar o Plan Retorna para impulsar a volta á Galiza da emigración galega.
- Adaptar o fuso horario ao dos países do entorno (Portugal, Gran Bretaña) e impulsar a unha racionalización de horarios comerciais (xornadas intensivas e adaptación dos horarios comerciais).

Seguranza Social e sistema público de pensións

As sucesivas reformas regresivas sobre as pensións e a seguranza social levadas a cabo nos últimos anos polo PP e polo PSOE están encamiñadas a potenciar os plans de pensións privados para maior beneficio do sistema financeiro en detrimento do sistema público e supuxeron unha grave agresión aos dereitos conquistados pola clase traballadora. Xunto ao alto paro, aos contratos a tempo parcial e temporais, á redución dos salarios e á precariedade laboral salvaxe, reducíronse as pensións, empeorou o acceso a elas de moitas persoas, foi retrasada a idade efectiva da xubilación, etc.

Todo isto agravado para as mulleres, que sofren unha fenda salarial dun 23% e teñen unhas pensións máis reducidas por menos anos cotizados como consecuencia do coidado das súas crianzas. As consecuencias desta política antisocial son máis virulentas na Galiza por termos unhas pensións un 16% máis baixas que a media do Estado (65% das pensións galegas non alcanzan o SMI) e termos a poboación máis avellentada.

O BNG aposta na transferencia á Galiza da Seguranza Social para garantir unhas pensións dignas para toda a poboación en idade de xubilacións. Entre tanto, traballaremos por asegurar a permanencia dun sistema público de pensións nas mellores condicións para nmellorar tamén a calidade de vida das clases populares galegas. En concreto, propomos:

- Traspasar á Administración galega o réxime da Seguridade Social.
- Derrogar a Lei 27/ 2011 que supuxo unha contrarreforma brutal das pensións: aumentou a idade xubilación de 65 a 67 anos, incrementou o período para calcular a pensión de 15 a 25 anos, acrecentou o período mínimo de cotización de 35 a 37 para cobrar o 100% da pensión, estableceu o factor de substantibilidade, etc...)

- Derrogar o RD/ 23/ 2013 que regula o factor de sustentabilidade (vincula o importe das pensións de xubilación á esperanza de vida das e dos pensionistas) e o índice de valorización (desvincula a subida das pensións do IPC).
- Modificar a Lei Xeral da Seguranza Social para outorgar protección especial a persoas que padecen cancro co fin de lles conferir seguranza xurídica e económica, con incapacidade permanente de ser preciso.
- Elevar progresivamente o Salario Mínimo Interprofesional e a pensión mínima (que deberá coincidir con este) a comezar pola súa equiparación até o 60% do Salario Medio. A súa revalorización debe estar garantida co IPC.
- Estabelecer a xubilación ordinaria aos 65 anos e a parcial aos 61 anos.
- Mellorar as pensións do nivel contributivo e non contributivo da Seguranza Social e do réxime especial, revogando as reformas de extensión da idade de xubilación e o período de cálculo da pensión.
- Demandar a realización das actuacións necesarias para o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación para o persoal empregado en profesións do noso país cuxo grao de penosidade non ten sido recoñecido, como por exemplo no sector naval, o pesqueiro e o marisqueiro.
- Eliminar os topes máximos de cotización á Seguranza Social (con mantemento de máximos nas prestacións) e as desgravacións fiscais nos plans privados de pensións. O cálculo da base reguladora debe realizarse a partir dun período de 10 anos escollidos pola persoa beneficiaria. Eliminaranse as discriminacións ou penalizacións existentes nas condicións legais de acceso á pensión daquelas persoas empregadas a tempo parcial.
- Establecer unha cotización progresiva das traballadoras e traballadores autónomos, en función dos ingresos reais.
- Garantir a revalorización salarial anual das empregadas e empregados do sector público.
- Implantar un ingreso vital mínimo, cun programa de inserción laboral para todas as persoas que non cobren ningún tipo de prestación económica.

05

Servizos públicos de calidade

O BNG aposta por un modelo social que procure unha maior distribución da riqueza e a igualdade social. Por iso hai que garantir uns servizos públicos, universais e gratuítos. Os servizos públicos son o alicerce que toda sociedade democrática necesita. Só así é posíbel construír unha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria. Só uns servizos de xestión pública fortes, de calidade, universais, gratuítos e cos recursos necesarios poden mitigar a grande desigualdade social e garantir unha sociedade democrática.

O centralismo no reparto de recursos económicos fai que Galiza reciba menos financiamento do que lle correspondería e limita a capacidade para soste os nosos servizos públicos esenciais. Así mesmo, o ataque e recortes sen piedade, coa xustificación da crise, aos servizos públicos e sociais, ademais de recortar dereitos e liquidar conquistas sociais, perseguen ampliar as áreas de negocio para maior beneficio da oligarquía.

No BNG temos como finalidade impedir a mercantilización e privatización dos servizos públicos e sociais que o único que pretenden é o lucro económico, en detrimento da calidade dos servizos e das condicións laborais dos empregados e empregadas. A calidade e eficiencia só son posíbeis coa xestión pública.

O BNG defende a plena capacidade da Galiza para a definición, regulación e xestión dos servizos públicos, incluída a lexislación básica, co obxectivo de garantir servizos públicos gratuítos, universais e de calidade para toda a poboación. Entre tanto o Estado manteña competencias nesta materia, propomos:

- Asegurar a xestión pública directa e con recursos e persoal suficiente para que os servizos sexan prestados con criterios sociais e cubran as necesidades da totalidade da socie-

- dade.
- O investimento necesario para fortalecer, mellorar e ampliar os servizos públicos e sociais, imprescindible para garantir dereitos fundamentais como a sanidade, a educación, pensións, vivenda, atención ás persoas dependentes e prestación por desemprego.
 - A supresión da taxa de reposición de efectivos. A administración galega terá plenas competencias para fixar a oferta de emprego e transformar o traballo temporal en estábel.
 - A supresión de toda a lexislación que obstaculiza a reversión ou rescate da xestión directa dun servizo ou o cambio de xestión privada a pública de diferentes servizos públicos.
 - A restitución dos dereitos laborais, profesionais e salariais das empregadas e empregados públicos e a garantía, como mínimo, de manter o poder adquisitivo dos seus salarios.

Educación.

Para o BNG, a educación, é un pilar básico na construción dunha sociedade galega xusta, solidaria e igualitaria. Por tanto, os poderes públicos teñen que garantir unha educación pública, universal e gratuíta de 0 a 18 anos que contribúa para formar persoas críticas e libres, para transformación social, para a normalización lingüística, para valorar e coñecer a nosa cultura e historia e para o desenvolvemento integral da Galiza.

Só o ensino público pode asegurar unha educación galega, laica, coeducativa e democrática. Partimos de que a educación constitúe un servizo público que só unha Galiza soberana, con todas as competencias para a ordenación a nivel galego, pode garantir uns parámetros de calidade, a igualdade de oportunidades e unha educación inclusiva para o conxunto do pobo galego.

Durante estes últimos anos a crise económica foi o pretexto para asestar numerosos e graves ataques ao ensino público. As políticas neoliberais aplicadas aumentaron a privatización e a mercantilización do ensino. Foron suprimidos millares de postos de profesorado, desatendida a atención á diversidade, reducidos os orzamentos para educación, minguadas as bolsas e axudas ao estudo, , masificadas as aulas, etc.

Os abundantes recortes limitaron o dereito á educación e á igualdade de oportunidades. No entanto, os concertos educativos aumentaron, foi desviado máis diñeiro público para o ensino privado e continúan os concertos educativos en centros que segregan alumnado por razón de xénero.

O actual sistema educativo emana do Estado centralista que, mediante o artigo 3 e 27 da Constitución, asegura a privatización, a confesionalidade e a españolización do ensino. O Estado continúa reservando para si numerosas competencias que impiden conformar un sistema educativo propiamente galego.

Todo isto agravado coa aplicación da LOMCE, que impregna todo o sistema educativo dos principios neoliberais, procura a maior españolización posíbel, avanza na privatización do ensino, consagra a confesionalidade, conforma un ensino máis selectivo, sustenta a pervivencia do patriarcado, segrega o alumnado, elimina a xestión democrática dos centros e despreza e desvaloriza o traballo docente. É unha lei extremadamente reaccionaria, que nega o dereito universal á educación e o dereito a ter un ensino público, galego e laico. O lamentábel é que o goberno do PSOE tamén non fixo nada por derrogar a LOMCE e, por tanto, continúa en vixencia a súa aplicación.

Entre tanto o Estado manteña as competencias básicas en educación, propomos:

- Derrogar a LOMCE. Estabelecer un novo marco educativo que asuma a configuración Plurinacional e plurilingüe do Estado; que permita dotármonos dun modelo educativo galego, en que Galiza poida organizar e ordenar o sistema educativo mediante unha Lei Galega de Educación.
- Transferir ao goberno galego toda a capacidade en materia educativa, para poder elaborar os plans de estudo e os deseños curriculares e organizar todas as ensinanzas. Traspaso de todos os programas educativos e todas as competencias para poder establecer os criterios de avaliación do proceso de aprendizaxe e promoción do alumnado, para fixar un ensino inclusivo que dea resposta satisfactoria e adecuada ao alumnado con necesidades especiais, para regular a admisión do alumnado nos centros educativos, para establecer, mentres non se supriman, os concertos educativos, para establecer os currículos escolares de todas as materias e, tamén, para fixar o sistema de acceso á función pública, as ofertas de emprego público, a tipoloxía de centros integrados de Formación Profesional, competencia e composición dos órganos colexiados, concesión de bolsas de estudo, etc.
- Superar o actual marco lexislativo, recollido nos artigos 3 e 27 da Constitución. Dotármonos do poder político necesario para podermos decidir sobre a ordenación e a planificación dun sistema educativo galego, inserido na nosa realidade social, económica, cultural e lingüística, en función das nosas necesidades e carencias e ao servizo de transformación

- e desenvolvemento de Galiza.
- Un modelo educativo fundamentado no dereito universal á educación de todos e todas as galegas de 0 a 18 anos e obrigatoria de 3 a 18 anos, sustentado nunha única rede de ensino, a pública, con servizos complementarios, con libros de texto, material escolar e actividades extraescolares gratuítas. Un ensino público, galego, laico, coeducativo, gratuíto e democrático.
 - Defender inequivocamente o ensino público. Por conseguinte, eliminar os concertos educativos dos centros que segregan alumnado por razón de xénero, así como os concertos educativos no ensino non obrigatorio, co obxectivo final de promover a súa supresión en todos os niveis educativos.
 - Ensino laico. A materia de Relixión non formará parte do currículo escolar, xa que é incuestionábel que a difusión da fe relixiosa corresponde ao ámbito privado e familiar. Neste sentido, será renegociado o concordato coa Santa Sé e os acordos coas demais confesións relixiosas.
 - A dotación dun sistema educativo de maiores niveis de calidade, apostando no crecemento dos orzamentos destinados á educación até lle dedicar, como mínimo, 7% do PIB.
 - Completar as transferencias pendentes en materia de xestión de programas educativos, centros educativos e formativos situados en Galiza adscritos á administración central.
 - Arbitrar os mecanismos necesarios para que os centros que imparten as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse á universidade, co fin de que o alumnado obteña a titulación de grao.
 - A elección democrática e directa das direccións dos centros de ensino non universitarios, por parte do consello escolar e claustro de profesorado.
 - Transferir as competencias plenas para a elaboración de plans de estudo e deseños curriculares na formación profesional, para a súa vinculación co sistema produtivo galego.
 - Transferir á Galiza o Programa Educa3 de fomento da Educación Infantil, incrementando as prazas e a construción de Escolas Infantís para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais dende un punto de vista educativo e non asistencial.
 - Defender unha reforma da normativa de universidades (LOU) que defina claramente o modelo de universidade pública e elimine enfoques centralizadores e privatizadores. Transferencia das competencias sobre avaliación e profesorado.
 - Incrementar o financiamento das universidades públicas, tomando como referencia o 1.5% do PIB, para evitar que continúen co camiño de privatización encuberta, e favorezan a

participación dos proxectos de investigación universitaria nos programas de I+D+I.

- Transferir á Galiza as competencias e medios materiais da Universidade a Distancia (UNED), da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das entidades dependentes do Centro Superior de Investigacións Científicas.
- Transferir a competencia da xestión e concesión de bolsas e axudas ao estudo.
- Ampliar as dotacións dedicadas ás bolsas e axudas ao estudo universitario, así como aplicar unha política de contención dos prezos públicos en todos os niveis de estudo universitario.
- Modificar os requisitos, incluídos os académicos, para a obtención de axudas ao estudo de maneira que non lle imposibiliten ao alumnado con menor poder adquisitivo o acceso á universidade.
- Derrogar o R/D 43/2015 polo que se modifican os plans de estudo das ensinanzas universitarias, que pasan a ser de 3 anos de grao e 2 de mestrado, por degradar as titulacións e as cualificacións universitarias, promover as universidades privadas e encarecer os estudos universitarios e, por tanto, expulsar as clases populares da Universidade.

Sanidade

Na liña do resto dos servizos públicos, na sanidade perden fundamentalmente as persoas máis vulnerábeis. Perda do dereito á universalidade sanitaria, introdución de novos copagos para toda a poboación, redución de prestacións, redución de persoal, falta de renovación tecnolóxica, incremento substancial das privatizacións retratan estes anos do goberno español e galego. A redución orzamentaria e a concepción da sanidade como área de negocio explican os recortes e a súa aplicación fundamentalmente sobre a poboación máis fráxil e vulnerable.

O BNG aspira a que a Galiza asuma a plena capacidade para xerir o seu sistema sanitario, sen interferencias de ningún tipo. En todo o caso, mentres o Estado continúe reservándose a potestade da lexislación básica e manteña un modelo de financiamento que nos prexudica e afecta tamén o funcionamento dos servizos públicos, defenderemos:

- Dereito universal á sanidade pública. Supresión do copago e da restrición do acceso á atención sanitaria.
- Garantir o financiamento suficiente da sanidade pública, incrementando significativamente o valor dos parámetros de dispersión e envellecemento da poboación e aseguran-

do maior racionalidade no gasto farmacéutico e asegurar a participación galega na fixación do prezo dos medicamentos. Neste sentido, o medio de asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario e de reducir as desigualdades sanitarias é a priorización de políticas preventivas de saúde pública e a posta en marcha de políticas de mellora dos determinantes sociais da saúde tanto a nivel galego como local.

- Reforzar o carácter público da sanidade e reducir as súas posibilidades de privatización, mediante unha modificación da Lei 15/97, sobre habilitación de novas formas de xestión do Sistema de Saúde, que asegure que a titularidade, o financiamento, a xestión e a provisión de servizos sanitarios se fará con entidades exclusivamente públicas.
- Incorporar progresivamente a asistencia odontolóxica gratuíta até os 18 anos, a prescrición pública de próteses removíbeis e a incorporación de novas prestacións, como a podoloxía, con financiamento público en función da renda.
- Afondar na mellora dos parámetros de calidade do sistema público de saúde, incrementando o catálogo de prestacións a novas especialidades médicas e farmacolóxicas, tendo en conta como base a evidencia científica e o criterio de rendibilidade social e de sustentabilidade do sistema sanitario.
- Dotarnos de capacidade normativa e financeira para asegurar a capacidade docente e investigadora do sistema educativo e sanitario en saúde, con coordinación entre a Universidade e o SERGAS, así como con estabilización do persoal investigador.
- Reforzar as áreas máis deficitarias do sistema coa potenciación da atención primaria, a elaboración e financiamento dun plan estratéxico de saúde mental e manexo de condutas aditivas e dos servizos de coidados paliativos e de asistencia a unha morte digna.
- Derrogar o Real Decreto Lei 16/2012 de 20 de Abril, para garantir a sustentabilidade do Sistema de Saúde e mellorar a calidade das súas prestacións, para rematar de xeito real coa exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal.
- Eliminar a taxa de reposición de persoal como norma básica de obrigado cumprimento en todo o Estado, xa que vulnera as competencias que ten a Galiza en materia de persoal en ámbitos que ten transferidos como é sanidade.
- Aumentar o número de prazas de formación polo sistema de Residencia MIR, EIR, que se ofertan para Galiza, ás necesidades reais que ten o SERGAS de cobertura de profesionais.
- Regular o dereito a unha morte digna, de modo que as persoas poidan decidir libremente o momento, a forma e con que axuda facelo. Despenalización da eutanasia e o suicidio médico asistido.

06

Lingua e cultura

Entendendo que a plena normalización da nosa lingua é un obxectivo prioritario e que debe ser asumido como tal pola administración galega e polo conxunto da nosa sociedade, tamén sabemos que a administración do Estado é unha fonte permanente de trabas e obstáculos para o uso do galego e mesmo para o respecto dos dereitos lingüísticos de galegas e galegos. Nese sentido, en canto a Galiza non tiver a plena capacidade de decidir sobre a política lingüística necesaria para garantir a normalización, o BNG traballará por:

- Proceder á mudanza pertinente para establecer a igualdade legal de galego e castelán; quer dicir: o deber de coñecelo e o dereito de usalo.
- Asegurar a plena normalización do uso da lingua galega por parte da administración central, a comezar polo coñecemento do galego por parte do funcionariado para así garantir os dereitos lingüísticos na relación con esta administración e as empresas que traballan para ella.
- Garantir o estrito respecto da nosa toponimia por parte de todos os organismos da administración do Estado.
- Acometer a normalización no ámbito da administración da xustiza, tornando o galego lingua de uso preferente nas resolucións, así como nas comunicacións e notificacións de oficio dos órganos administrativos.
- Facer visíbel o idioma galego nos medios públicos audiovisuais dependentes da administración central. Comprometer fondos estatais para acometer a dobre en galego de filmes e programas infantís e deportivos, para a súa escolla na TDT ou plataformas diversas por parte das persoas usuarias.
- Impulsar os convenios para ensino do galego como segundo idioma na educación secundaria noutros territorios do Estado. Tamén na Galiza de idiomas cooficiais (catalán, euskera). De forma especial, garantir a asinatura de convenios para ensino do galego en toda a etapa educativa nos territorios galegofalantes de comunidades limítrofes.
- Exixir o cumprimento dos acordos parlamentares para a

recepción e difusión dos medios públicos audiovisuais de Portugal na Galiza, así como da RTVG en Portugal, no cadro da cooperación cos países da lusofonía para a relacións reciprocamente beneficiosa entre as nosas culturas.

- Asegurar a presenza habitual das expresións e creacións culturais galegas (cinema, música, teatro, danza, artes plásticas e visuais, etc...) nos medios de comunicación públicos estatais, dado que son medios que os galegos e galegas tamén contribuímos a financiar.
- Exixir o cofinanciamento estatal das principais institucións lingüísticas e culturais do noso País, polo menos en canto os galegos e galegas teñamos que continuar a financiar institucións lingüísticas asociadas ao español ou culturais con sede en Madrid.

Políticas para a mocidade

O deseño do estado español, que relega a un papel totalmente secundario á Galiza en materia económica, repercute negativamente en particular nas condicións de vida da mocidade. A xente moza vive unha situación moi complexa entre unha perspectiva de desemprego ou precariedade laboral e a emigración. A falta de posibilidades no noso país, unido a unhas perspectivas de futuro que non parecen mellorar, fan preciso un desenvolvemento de políticas públicas que apoien en particular esta parte da poboación.

Aspiramos a que a Galiza poida xestionar a totalidade de políticas públicas para a mocidade, como mellor mecanismo para poder actuar sobre as problemáticas concretas da nosa mocidade, diferentes en múltiples cuestións ás do resto do Estado español. Mentres tanto, non renunciamos ao desenvolvemento de políticas en diversos ámbitos:

- Diseñar políticas de fomento do emprego xuvenil coa finalidade de crear emprego estábel e unhas condicións laborais dignas, tendo como obxectivo prioritario a igualdade de condicións e oportunidades das mozas e dos mozos galegos.
- Estabelecer a remuneración, co salario mínimo interprofesional, dos contratos formativos e de prácticas.
- Transferencia plena das competencias en ensino á Galiza para poder contar cun ensino público e de calidade adaptado ás nosas características nacionais e en especial á realidade sociolaboral da mocidade galega.
- Transferir a política de bolsas á Galiza. Revisar os criterios na concesión de bolsas de estudos co obxectivo de que se teña en conta a realidade socioeconómica da mocidade galega.
- Desenvolver un plan de choque para o retorno das persoas mozas emigradas por causa da crise económica, garantindo unhas condicións dignas de emprego.
- Recoñecer o dereito das mozas e mozos de 16 e 17 anos a poderen votar nas diferentes convocatorias electorais.

Políticas feministas para avanzar nos dereitos das mulleres.

Galiza ten sido, grazas ao movemento feminista e ao impulso social e político do nacionalismo, un referente na posta en marcha de políticas feministas, especialmente no que atinxe á violencia machista. Porén, a falta de capacidade en ámbitos como o xudicial ou laboral, que dependen en boa medida do Estado, teñen lastrado a nosa capacidade transformadora. Por iso, en canto Galiza non poida decidir sen interferencias defenderemos políticas feministas para avanzar nos dereitos das mulleres.

- Incrementar e mellorar os recursos e actuacións destinadas a avanzar na efectiva igualdade en todos os ámbitos sociais e económicos, a fin de compensar as consecuencias das políticas de recortes aplicadas na crise e evitar que a actual ralentización da economía supoña un novo retroceso na aplicación de políticas a prol da igualdade e de loita contra a violencia machista.
- Vixiar o cumprimento do Pacto de Estado para corrixir a falta de desenvolvemento desde a súa aprobación en setembro de 2017, especialmente daqueles aspectos legislativos que dependen exclusivamente do Estado e afectan as mulleres galegas, como os referidos á xustiza. Defenderemos o incremento dos seus recursos económicos e, particularmente, exixiremos a reformulación dos criterios de reparto dos recursos para a administración local para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación ou o avellentamento para que os concellos galegos deixen de estar discriminados.
- Introducir o termo Femicidio no marco legal e impulsar o desenvolvemento dun Estatuto de vítima de Femicidio para unha abordaxe integral da violencia machista.
- Introducir no marco legal o concepto de consentimento para mellorar a tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais, así como considerar eses delitos de ca-

rácter público. Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.

- Demandar a aplicación por parte do Estado español do Convenio de Istambul, incumprido cinco anos despois da súa tardía ratificación.
- Impulsar medidas de formación e mecanismos de control para despatriarcalizar a xustiza. Así mesmo, para garantir unha atención integral da violencia machista na xustiza en todo o territorio demandarase a creación de xulgados exclusivos de violencia machista -nos que tamén se inclúa o tratamento dos delitos sexuais- nas sete cidades galegas como paso previo a unha distribución axeitada para a realidade territorial galega.
- Oporse á legalización, regulamentación e banalización da práctica das barrigas de aluguer por constituír unha forma de explotación e mercantilización do corpo das mulleres, especialmente daquelas máis empobrecidas e vulnerábeis. Neste sentido, as modificacións legais pertinentes encamiñaranse a disuadir e impedir a práctica do aluguer de barrigas.
- Impulsar unha lei de igualdade salarial para as cuestións laborais de dependencia estatal que contemple, entre outras medidas, a obrigatoriedade de publicación dos salarios para combater a fenda salarial e sancións ás empresas que vulneren o marco legal.
- Defender o recoñecemento legal das familias monoparentais e monomarentais que o son en orixe, por decisión propia, e impulsar unha lei específica -para aquelas cuestións de dependencia estatal- en consenso coas organizacións sociais e feministas que permita impulsar políticas públicas para superar a discriminación patriarcal que sofren.
- Impulsar a implantación de permisos iguais e intransferíbeis para pais e nais e a súa extensión ata o ano de duración.
- Impulsar políticas de apoio para a conciliación persoal e de coidados entre as que se contemple a compensación económica das reducións de xornada e a proporción dunha renda para os períodos de excedencia por coidado de crianzas e dependentes.
- Exixir a inmediata equiparación de dereitos laborais e protección social para as traballadoras de fogar e de coidados, incluídas as prestacións por desemprego, a cotización por salarios reais e iguais condicións para o cálculo das pensións. Demandar o recoñecemento pleno no Estatuto dos Traballadores e Traballadoras e integración completa no

Réxime Xeral da Seguridade Social así como a sinatura do Convenio 189 da OIT

- Ampliación dos dereitos da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo eliminando as restricións actuais ás mozas de 16 e 17 anos e garantindo unha prestación de calidade no ámbito sanitario público galego. Prohibir o financiamento con diñeiro público das asociacións antiabortistas por ir en contra dos dereitos humanos.
- Impulsar medidas para a eliminación do sexismo nos medios de comunicación e para o adecuado tratamento da violencia machista entre as que se incluírá un código ético que deberá ser cumprido para obter fondos públicos.
- Prohibir a publicidade de contactos sexuais, por encubriren na maior parte dos casos organizacións de tráfico ilegal e explotación de mulleres, nos medios de comunicación social, públicos e privados, e en todo tipo de soportes.

A defensa dos dereitos das persoas LGBT

A pesar dos avances dos últimos anos, as persoas que conforman o colectivo LGBT seguen a padecer discriminación e violencia sistémicas, así como a negación dos seus dereitos cívicos (acoso, agresións, taxa de suicidio máis elevada...), xunto cunha preocupante aumento do pinkwashing para xustificar prácticas tales como a maternidade subrogada.

As persoas trans son especialmente desprotexidas e vulnerábeis, polo que o BNG continuará a promover e apoiar a aprobación dunha lei integral do recoñecemento do dereito á identidade de xénero e que elimine definitivamente a necesidade de diagnóstico de “disforia de xénero” mediante informes médicos ou psicolóxicos, co fin de acabar coa patoloxización das persoas trans.

Desde os eu compromiso coa loita en contra da LGBTfobia, o BNG propón as seguintes medidas:

- A supresión de calquera tipo de subvención ou axuda pública e sancións para organizacións que teñen como obxectivo a negación e a vulneración dos dereitos das persoas LGBT ou que se expresen neste sentido.
- A prohibición total das denominadas ‘terapias de conversión’ por seren anti-científicas e por atentaren contra a dignidade e a liberdade das persoas LGBT.
- A creación do servizo de igualdade de xénero e diversidade sexual a cargo cunha profesional con formación e dedicación específica en todos os centros de ensino.
- A inclusión de contidos transversais específicos obrigatorios tanto no ensino obrigatorio como no Máster de Profesorado e nas carreiras de Dereito, Maxisterio, Educación Social, Psicoloxía e Pedagogía para garantir a formación do profesorado e o respecto da diversidade afectivo-sexual e de xénero nas aulas.
- A conscientización e formación das e dos profesionais da sanidade a respecto das necesidades específicas de saúde sexual e reprodutiva das persoas LGTBI.

- Promover a elaboración dun Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Medidas para loitar contra a discriminación de persoas con VIH/SIDA (serofobia) en todos os ámbitos (laboral, educativo, sanitario...)

Medio ambiente

O BNG aposta nunha Galiza con plena capacidade para decidir en materia ambiental e que poida aplicar políticas de sustentabilidade social e ambiental. No entanto, somos conscientes de que no actual escenario político o estado mantén o control de decisións políticas en diferentes ámbitos que afectan de maneira moi directa o medio ambiente. Conscientes tamén de esas políticas responden a un modelos socio-económico ambientalmente insostíbel, pois non é posíbel manter o actual nivel de consumo de recursos do noso planeta, promovido polo actual sistema económico.

É por iso que a nosa acción política estará baseada en garantir a sustentabilidade para as xeracións presentes e tamén futuras. En particular, tomaremos parte activa na defensa de todas as medidas que combatan o cambio climático, unha ameaza para a nosa propia supervivencia como especie. Por tanto, propomos:

- Apostar por un modelo económico que teña en conta os límites do sistema ecolóxico. Adaptar o modelo económico a un futuro sen enerxías fósiles.
- Obrigar a internalizar os custos ambientais nas actividades contaminantes.
- Revogar a prórroga de ENCE en Pontevedra tendo en conta a finalización do período vixente da concesión, co fin de posibilitar o pleno saneamento e rexeneración da ría e o fin do impacto no conxunto do país, coa eucaliptización masiva que provocou historicamente.
- Derrogar as reformas da Lei de Costas, de Responsabilidade Medioambiental, de Impacto Ambiental e a Lei de Parques Nacionais, porque invaden competencias galegas.
- Cumprir e facer cumprir escrupulosamente a lexislación medioambiental e de residuos. A día de hoxe o seu incumprimento é norma habitual sen ningún custo para o infractor.
- Traspasar as competencias sobre Costas e Bacías Hidrográficas. Garantir as competencias de xestión galegas sobre o medio ambiente.
- Vetar o cultivo, cría e comercio de organismos xeneticamente modificados con destino á alimentación humana e animal.

- Apoiar a xestión e ampliación das áreas protexidas da Rede Natura 2000, especialmente no medio mariño.
- Desenvolver políticas encamiñadas á protección da biodiversidade, tanto mariña como terrestre.
- Pór en marcha plans de conservación das especies mariñas protexidas, con medidas que impliquen de xeito efectivo ao uso do medio e obtención de recursos.
- Pór en marcha labores de seguimento para as capturas accidentais das especies mariñas ameazadas, así como medidas paliativas, en consonancia coa lexislación vixente e directivas europeas.
- Pór en marcha de medidas establecidas na Estratexia do Medio Mariño co fin da recuperación do estado do medio, conservación das especies e dos recursos.
- Anular a Autorización Ambiental Integrada, por incumprimento das normas do medio ambiente por altos índices de contaminación e, consecuentemente, denegar a concesión da renovación do complexo pasteiro nos terreos de dominio público marítimo terrestres de Lourizán ría de Pontevedra.
- Demandar o saneamento integral das rías galegas, e dispor dunha rede equipada de bases de loita contra a contaminación do medio mariño ao longo de todo o corredor marítimo fronte á costa galega.
- Demandar a xestión dun programa permanente de inspeccións e seguimento do estado e seguridade do vertedoiro con 140.000 toneladas de lixo nuclear na Fosa Atlántica a 600 km da costa galega.
- Limitar e controlar estritamente a importación de especies foráneas, semente de moluscos, etc. para repoboación. Posta en marcha, de modo efectivo, dunha rede de alerta temperá ante especies invasoras.
- Potenciar os ciclos pechados para a produción de especies autóctonas e a repoboación como método de recuperación de recursos.
- Recoñecer a propiedade comunitaria do monte.
- Introducir as distintas variedades de eucalipto na Lei 42/2007 para ser considerada especie invasora, limitando o seu cultivo e plantación, como premisa para poder implantar un novo sistema integral de explotación económica do monte, non só baseado na extracción de madeira.

11

Compromiso coa defensa dos animais

- Aplicar os convenios e tratados internacionais que supoñen unha mellora no eido da protección e do benestar animal.
- Prohibir todo tipo de acto de tortura contra os animais, especialmente a tauromaquia na lexislación galega e eliminación das normas estatais que pretenden seguir apoiándose. En particular, derrogar a normativa que tenta blindar a pervivencia da tauromaquia. Impedir, en canto non estea eliminada, a emisión en televisión ou a asistencia de crianzas ás touradas.
- Suprimir as axudas e de calquera tipo de apoio aos eventos que impliquen crueldade cos animais como as touradas ou os circos que empreguen seres vivos.
- Prohibir a caza en espazos protexidos, co obxectivo de preservar ao máximo estes terreos singulares, impulsando medidas de coexistencia coa fauna a través de programas de disuasión e prevención non letais. Prohibir tamén a caza daquelas especies animais en que se teña advertido o seu estado poboacional delicado, así como a munición de chumbo para rematar coa contaminación ambiental, os envelenamentos e os riscos para as persoas.
- Impulsar as alternativas ao uso de animais en toda clase de ensaios e experimentacións, apostando polos modelos xa validados no ámbito da Unión europea.
- Apostar polo diálogo e pola relación fluída entre o goberno e as organizacións para a defensa dos animais, como mellor garante de facer cumprir os seus dereitos.
- Modificación do código penal en delitos por maltrato animal, e formación das forzas de seguranza en materia de protección animal.

Defensa da Democracia

Nun momento de forte involución antidemocrática no Estado español promovida polos sectores máis españolistas e dereitistas e que rebaixa aínda máis os xa escasos parámetros democráticos do rexime de 78, a defensa dos dereitos democráticos máis esenciais e das liberdades públicas tórnase unha obriga prioritaria. Especialmente fronte a aquelas leis ou normas que cercean dereitos formalmente recoñecidos e que son utilizadas para tentar conter o descontento social e nacional cun rexime en crise que só sabe reaccionar coa fuxida cara a adiante pola vía autoritaria e negadora das nacións diferentes da española.

Defender a democracia é garantir o respecto aos dereitos individuais e colectivos en todos os ámbitos, mais tamén a certeza de poder exercelos. É respectar a vontade democrática dos pobos. É combater a corrupción e asegurar a transparencia na actividade das administracións públicas. É tamén eliminar aquelas institucións que, lonxe de profundizar nela, serven de escudo da estratexia centralista fronte á vontade do pobo galego de existir como nación e se organizar da maneira máis adecuada ás súas características e necesidades.

Dereitos e liberdades cívicas

- Derrogación inmediata da Lei de protección da seguridade cidadá, coñecida, de forma máis apropiada, como Lei da mordaza.
- Derrogación da lei de amnistía aprobada na transición respecto dos delitos de xenocidio e lesa humanidade. Protección e amparo das vítimas co axuízamento das persoas que cometeron crimes contra a vida e dignidade das persoas.
- Recuperación do Pazo de Meirás e de todos os bens espoliados polo ditador Francisco Franco e a súa familia.
- Impulso á participación directa a través de consultas populares. Abordar as mudanzas legais precisas para posibilitar a convocatoria de referendos vinculantes asuntos de interese, incluído o dereito de autodeterminación, así como para instrumentar a participación social na planificación e xestión dos fondos públicos.
- Denuncia e revogación do Concordato coa Igrexa Católica para implantar a laicidade real no Estado. Isto implica a eli-

minación de privilexios e presenza da relixión nas institucións e servizos públicos: supresión da materia de relixión no ensino, supresión paulatina de concertos educativos, eliminación de aparicións de autoridades relixiosas en actos organizados por institucións públicas e de cargos públicos como tales en actos relixiosos, anulación de acordos para a presenza financiada publicamente de representantes relixiosos nos hospitais públicos, desaparición de simboloxía relixiosa en edificios públicos, etc...

- Derrogación da prisión permanente revisábel, por ser unha forma encuberta de manter a cadea perpetua, e das medidas especiais de liberdade vixiada implantadas na reforma do Código Penal. Reclamación do traslado á Galiza das galegas e galegos que cumpren penas de prisión noutros territorios do Estado.
- Reforma estrutural da normativa electoral: implantación do método proporcional directo (cota Hare), establecemento da Galiza como circunscrición electoral, eliminación porcentaxes mínimas do 5 por 100 para ter representación, obrigatoriedade do voto secreto en cabina, prohibición de reparto de papeletas, garantía de debates en campaña e asegurar o exercicio do dereito de voto dos mariñeiros embarcados nas frotas de altura.
- Medios de comunicación públicos non sometidos a control e directrices gobernamentais para asegurar obxectividade informativa e pluralismo. Garantir tamén a presenza da lingua e das expresións culturais galegas nos medios de comunicación públicos estatais que pagamos entre todas e todos.

Loita contra a corrupción

- Inhabilitación directa de cargos públicos e representativos que cometan fraude fiscal e se detecten operacións económicas propias -ou en connivencia co seuentorno familiar e profesional- a través de paraísos fiscais.
- Regulación estrita das portas xiratorias e das incompatibilidades, en concreto, supresión da posibilidade de acordar compatibilidade profesional de Deputados e Senadores polas propias Cámaras.

Transparencia na contratación pública

- Supresión das restricións de carácter normativo para a xestión pública directa de servizos públicos, respectando así a autonomía de cada institución.

- Modificación da normativa de contratación pública, implantando a transparencia na contratación negociada e directa, publicando nos perfís de contratación as licitacións negociadas.
- Reestruturación administrativa e adelgazamento do aparello do estado
- Supresión das deputacións provinciais, co traspaso de competencias e funcións á Galiza e concellos, evitando a creación de estruturas institucionais substitutivas.
- Transitoriamente, en tanto non se aborden ditas reformas de maior alcance, derogación da reforma local que limita a autonomía local e a prestación de servizos públicos polos concellos.
- Eliminación do Senado.
- Supresión da administración periférica do Estado e tamén dos departamentos ministeriais con competencias transferidas.

13

Infraestruturas públicas e ordenación territorial

- Acometer a mellora da rede ferroviaria interior no conxunto do País. Especialmente, mellora da rede norte de FEVE e realización de conexións ferroviarias inexistentes como a de Lugo-Santiago.
- Garantir a finalización dos treitos do AVE á Galiza, asegurando as dotacións orzamentarias para manter a execución e evitar a paralización.
- Acometer os treitos pendentes do Eixo Atlántico: Ferrol-A Coruña e Vigo-Tui.
- Asunción de responsabilidades após unha exhaustiva investigación sobre o accidente de Angrois.
- Remate de conexións viarias e ferroviarias aos portos exteriores.
- Reforma da lei de costas, para a regularización definitiva dos núcleos rurais tradicionais.
- Mellora das infraestruturas viarias para garantir maior seguranza e reducir o número de accidentes. Especial atención, pola súa vulnerabilidade, deben ter as motocicletas e as bicicletas, particularmente no que atinxe a sistemas de protección (espazos delimitados, gardarraís seguros, pintura antideslizante...). O obxectivo da circulación con seguranza debe ser abordado tamén no ámbito da formación e da regulación do tránsito.

Pola paz mundial e a convivencia dos pobos e nacións

O BNG, como forza pacifista e anti-imperialista, que aposta no respecto á soberanía nacional dos pobos e na resolución pacífica dos conflitos, rexeita de maneira rotunda a política inxerencista e pro-imperialista que está a manter o Estado español nos conflitos internacionais.

A nosa loita política tamén contribúe para mudar a globalización por unha relación en pé de igualdade entre nacións, ademais de converter o noso país nun actor para a nivel internacional axudar a construír un modelo alternativo ao actual capitalismo transnacional cos demais pobos. Ao defendermos a soberanía do pobo galego reivindicamos tamén a necesidade de recuperarmos o respecto polo principio de soberanía e non inxerencia tamén para os demais.

Avogamos, por tanto, por que o Estado respecte os seus compromisos como signatario da Carta da ONU e dos pactos e acordos posteriores que recollen o dereito dos pobos á autodeterminación -comezando polas nacións que aínda facemos parte del- e se afaste das estratexias belicistas e intervencionistas ao servizo do imperialismo, particularmente dos Estados Unidos. Nese sentido, defendemos:

- Eliminar a política de venda de armamento a reximes ditatoriais e autoritarios, así como a países colonialistas, que o empregan para agredir outros pobos, e reforzar o control parlamentario dos datos das exportacións en materia de defensa.
- Retirar as tropas do Estado español en misións exteriores que comporten a ocupación ou agresión militar.
- Condenar enerxicamente Marrocos pola ocupación do Sáhara Occidental, instando a que o Estado español presione para se realizar o referendo de autodeterminación con garantías democráticas.
- Condenar enerxicamente o Estado de Israel pola ocupación

e colonialismo nos territorios ocupados da Palestina. Recoñecemento do Estado palestino.

- Chamar á fin das agresións imperialistas, particularmente en Oriente Medio e o Norte de África. Defender unha saída decidida polos pobos respectivos e non polo capitalismo internacional.
- Rexeitar a participación do Estado español na operación imperialista comandada polos Estados Unidos de agresión á Venezuela e á súa soberanía.
- Defender a saída da OTAN e a disolución desta alianza militar do imperialismo.
- Oposición a calquera tipo de tratado comercial internacional que vulnere a soberanía dos pobos e os dereitos sociais, laborais, ambientais e a unha vida digna e saudábel.
- Combater as causas radicais das migracións en masa, en especial as políticas neocoloniais e imperialistas no continente africano ou en medio oriente, as guerras, o saqueo dos recursos naturais, en definitiva, inxerencia externa.
- Defender no seo da Unión Europea unha política de migracións respectuosa co dereito de asilo político, dos dereitos sociais e laborais e do desenvolvemento dos pobos.
- Renegociar os acordos Schengen en favor dunha acción decidida en prol de novas políticas de migracións internacionais e de desenvolvemento. Do mesmo xeito, oposición frontal a calquera reforma regresiva en materia de dereitos e liberdades individuais e civís coa escusa de ameazas antiterroristas.

ANEXO

Para alén das medidas recollidas neste Programa, e froito do diálogo con diferentes entidades sociais, o BNG comprométese a incorporar na súa acción política parlamentar todas aquelas propostas que consideramos positivas e concordantes coa nosa liña de acción, a favor da Galiza, das maiorías sociais, do progreso e do benestar da poboación.

ASOCIACIÓN ANIMALISTA LIBERA

Partillamos a necesidade de avanzar no respecto e no benestar animal. Achamos que existe unha altísima concordancia entre as propostas realizadas por Libera e as medidas recollidas no apartado 11.- COMPROMISO COA DEFENSA DOS ANIMAIS.

ASOCIACIÓN MUTUA MOTERA

Concordamos na idea de que a moto debe facer parte da solución á mobilidade sustentábel. Comprometémonos a defender todas as propostas que van encamiñadas a garantir unha maior seguranza para a circulación en motocicleta. No concreto, e para alén do recollido no apartado 13. INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS E ORDENACIÓN TERRITORIAL, sobre a necesidade de mellora das infraestruturas viarias para garantir maior seguranza e reducir o número de accidentes, prestando especial atención, pola súa vulnerabilidade, ás motocicletas e bicicletas, incorporamos:

- Plan de instalación de Sistemas para Protección de Motoristas (SPM) en todos os gardarraís, conforme á norma UNE 135900-2017 e realización de auditorías independentes de calidade.
- Adopción dun plan de adecuación de estradas ás necesidades de seguranza vial de motociclistas.
- Redución de superficies pintadas na sinalización horizontal.
- Formación do persoal de estradas.
- Eliminación do proxecto para instalar bandas sonoras na mediana das estradas e prohibición da instalación de elementos delimitadores de carrís que puideren supor un obstáculo na vía.
- Regulación normativa dos pasos de peóns semaforizados para que sexan sinalizados coa mesma marca vial que os pasos de ciclistas coa fin de reducir a superficie pintada no pavimento.
- Fomento de medidas de renovación do parque de motoci-

cletas para incorporar tecnoloxías de ofrezan maior seguranza.

- Actuar na formación, tanto no persoal específico ao servizo das administracións públicas como da cidadanía en xeral, especialmente incorporando de forma efectiva a seguranza vial ao sistema educativo.

Ademais, comprometémonos a estudar as mudanzas normativas que puideren ir na liña de facilitar o uso da motocicleta con máis seguranza.

COLEXIO DE XORNALISTAS DA GALIZA

Para alén do recollido no apartado 12.- DEFENSA DA DEMOCRACIA. Dereitos e liberdades cívicas, sobre a necesidade de camiñarmos para medios de comunicación públicos non sometidos a control e directrices gobernamentais para asegurar obxectividade informativa e pluralismo, incorporamos as propostas realizadas polo Colexio de Xornalistas de Galiza encamiñadas a mellorar as condicións para o exercicio profesional d@s xornalistas e como garantía do dereito á información. Especificamente:

- Elaboración do Estatuto da Profesión.
- Desenvolvemento normativo do segredo profesional.
- Creación dun epígrafe específico no IAE para o desempeño do traballo autónomo.
- Incorporación de formación mediática nos distintos niveis de educación regulada para incidir positivamente na capacidade crítica da cidadanía fronte á información que recibe.
- Creación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Xornalistas.

ESCULCA (Asociación para a defensa dos dereitos e liberdades)

O Bloque Nacionalista Galego asume todas as reivindicacións da proposta de Esculca en materia de dereitos e liberdades, resumidas en propostas concretas que teñan a ver cos dereitos de reunión e manifestación, como, entre outras, a derogación da “Lei mordaza” xa recollida no programa no punto 12 de defensa da democracia, ou a modificación das infraccións e sancións da Lei do Deporte que penalizan condutas como a exhibición de faixas ou bandeiras.

Asumimos tamén as propostas que teñen que ver con medidas de política penitenciaria, como a derogación da prisión permanente revisábel, recollida no programa, e diversas reformas da lexislación penal-procesual, como unha nova regulación do delito de odio conforme ás directrices do Consello de Europa. Compartimos a defensa dos dereitos dos menores, así como o reforzamento dos procesos e institucións tuitivas de dereitos ou as medidas relativas a políticas de estranxeiría e dereitos dos inmigrantes.

Así mesmo partillamos as propostas sobre os dereitos lingüísticos desenvolvido no punto 6 do programa Lingua e Cultura, e o reforzamento do carácter laico do Estado.

PLATAFORMA DE PENSIONISTAS DE COMPOSTELA

Asumimos as reivindicacións da Plataforma de Pensionistas de Compostela, que recolle medidas xa contempladas no programa, no apartado 4 de políticas sociais, como a derogación das reformas do 2011 e 2013, derogación da reforma laboral ou adoptar medidas para eliminar a fenda salarial que sofren as mulleres. Igualmente asumimos medidas para garantir os servizos básicos ou reformas encamiñadas a combater a fraude fiscal.

ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Compartimos a reivindicación da ORGACCMM no que ten a ver co programa rexistro da pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción do dióxido de carbono levado a cabo polo Ministerio de Transición Ecolóxica, debendo adoptar medidas de xestión do monte que beneficien aos titulares dos montes, a sociedade galega e o territorio galego.

COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

Entendemos a importancia da figura das educadoras e dos educadores sociais nos diferentes ámbitos de incidencia da súa profesión, polo que compartimos a necesidade de adecuar a denominación de Educadora/Educador Social aos cargos ocupados e dotar a profesión dun status que permita delimitar claramente as funcións e alcance dos profesionais así como a titulación para o acceso aos mesmos asumindo a súa reivindicación dentro do marco competencial.

AGAL

Compartimos as propostas da AGAL que se resumen nos seguintes puntos:

1. Desenvolvemento integral da Lei Paz Andrade:

a) No ensino. Marcar prazo de una década para o portugués ser segunda lingua em 20 por cento dos centros de ensino primário e segunda lingua estrangeira na totalidade dos centros de ensino secundário.

b) Nos meios de comunicación. Criar identidade comum aos dous lados da raia. Gerar afetos culturais e históricos galego-portugueses. Promover o contacto real com o portugués de Portugal e do Brasil, popularizando o seu conhecimento: programas televisivos, conteúdos culturais para toda a população e não apenas a culta.

2. Propostas para:

a) Reconhecimento do galego como lingua internacional.

b) Criação de uma Comissão Técnica para assessorar as trocas culturais e mediáticas (fundamentalmente televisivas) em seguimento da LPA com participação de meios de comunicação galegos e portugueses, empresários com interesses em Portugal.

c) No âmbito internacional. Aprofundar na identificação da Galiza como mais um país do que se conhece no mundo como Lusofonia, dirigindo-se às instituições e partidos desses países para a Galiza ser considerada fazendo parte da Lusofonia.

d) Reimpulsar o observatório da Lei Paz Andrade ou da Carta Europeia das Línguas Regionais e Minoritárias em que seria conveniente que estivessem os setores da sociedade galega

mais implicados na aproximación da Galiza e Portugal.

BAMAD GALICIA

Compartimos as propostas de BAMAD Galicia nas súas demandas en relación cos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galiza, entre as que cabe destacar a dotación de edificios axeitados á recollida, custodia e servizos de fondos, tamén a propostas tales como que as novas ferramentas conceptuais de organización e descrición de arquivos se fagan con perspectiva de xénero, ou a mellora da coordinación bibliotecaria e recuperación do nivel de financiamento nos OXE.